



Video dixital en SwL: OpenShot



O entorno de OpenShot



Índice

Tema 2. O entorno de OpenShot	2
1. O entorno de traballo.	2
1. Menú principal	3
2. A barra de ferramentas principal	3
3. Pestana de funcións	4
4. Ficheiros do proxecto	5
5. Barra de ferramentas de edición	6
6. Liña de tempo	7
7. Ventá da liña de tempo	7
8. Deslizador de ampliación	8

Tema 2. O entorno de OpenShot

1. O entorno de traballo

Ao abrir o OpenShot, atopamos a seguinte interface:



Existen varias zonas básicas para desenvolver o **traballo de edición** que explicaremos nos próximos apartados:

1 Menú principal

2 Barra de ferramentas principal : Contén todos os botóns para abrir, gardar e exportar os proxectos de vídeo.

3 Pestana de funcións : Alterna entre Ficheiros do proxecto, Transicións e Efectos.

4 Ficheiros do proxecto : Atopamos os ficheiros de audio, vídeo e imáxes que se importaron ao proxecto.

5 Barra de ferramentas de edición : Esta barra conten os botóns utilizados para editar, recortar e separar clips.

6 Liña de tempo : A liña de tempo visualiza o proxecto de vídeo, cada clip e transición dentro do mesmo.

7 Ventá de previsualización : Esta é a área onde se reproducirá o vídeo.

8 Deslizador de ampliación : Este deslizador axusta a escala de tempo da liña de tempo.

1. Menú principal

Despregando o menú principal aparecen as opcións para Crear novo proxecto, Desfacer a última acción, Refacer a última acción, Engadir ficheiro, Renderizar vídeo, Importar ficheiros, Crear títulos...

2. A barra de ferramentas principal

A través da Barra de ferramentas principal, accedemos ás funcións máis utilizadas á hora de

traballar. Permítenos abrir un novo proxecto, desfacer e refacer, importar ficheiros ou exportar o vídeo.



1 Novo proxecto: Crear un novo ficheiro de proxecto Openshot.

2 Gardar proxecto: Gardar o proxecto actual. Se non creamos un proxecto, abrirase o cadro de diálogo para recoller máis información.

- **3 Desfacer:** Desfacer a última opción.
- 4 Refacer: Refacer a acción anterior.
- **5 Importar ficheiros:** Importar 1 ou máis ficheiros ao proxecto actual de Openshot.
- **6 Exportar vídeo:** Exporta o proxecto actual a un ficheiro de vídeo.

3. Pestana de funcións

Estas pestanas permítenos alternar entre 3 funcións diferentes:

- Ficheiros do proxecto
- Transicións
- Efectos

Debemos ter en conta que os elementos nestas pestanas poden **arrastrarse** e **soltarse** na liña de tempo.

Ficheiros do proxecto Transicións Efectos

4. Ficheiros do proxecto

A sección de Ficheiros do proxecto **conten todos os ficheiros** que se importaron no noso proxecto. Antes de poder engadir unha imaxe, son ou vídeo ao mesmo, estes deben importarse á súa sección de Ficheiros do proxecto.

Ficheiros d	lo proxecto	Transicións	Efectos				
Mostrar to	odo Vídeo	Son Imaxe					×
Miniatura	Ficheiro				▼	Duración	Etiqueta
Escolla un ficheiro de vídeo ou de son para comezar							

5. Barra de ferramentas de edición

A Barra de Edición permite alternar entres os distintos tipos de modos de edición para a liña de tempo.



1 Engadir pista: Engade unha nova pista ao comezo da lista.

2 Modo de selección: O modo de selección permite seleccionar e mover clips.

3 Modo corte: A ferramenta de corte permítenos dividir un clip en calquera lugar onde fagamos clic.

4 Modo de tamaño: O modo de redimensión permite suxeitar os estremos dun clip e arrastralos para redimensionalos ou recortalos.

5 Modo de axuste: A ferramenta de axuste posibilita que os clips se axusten ou salten ao clip máis próximo cando o soltemos. As transicións axustaranse aos clips máis próximos.

6 Engadir marcador: Engade un novo marcador (punto de partida) que permite rapidamente saltar de volta a este punto exacto mentres reproducimos.

7 Marcador anterior: Salta ao marcador anterior no caso de que houbese.

8 Marcador seguinte: Salta ao seguinte marcador no caso de que houbese.

6. Liña de tempo

A liña de tempo visualiza un proxecto dunha maneira moi gráfica. Cada **clip** represéntase cun rectángulo **amarelo**. Cada **pista** represéntase cun rectángulo **azul**. O **cabezal** (a liña vermella) representa a posición actual de reprodución (ou previsualización) do nosos proxecto.



1 Regra: A regra mostra a escala temporal actual da liña de tempo.

2 Cabezal de reprodución: O cabezal de reprodución representa a posición actual de reprodución da súa ventá de previsualización.

3 Clip: Un clip representa un ficheiro de audio, imaxe ou vídeo.

4 Pista: Unha pista é similar a unha capa. As pistas que estean encima mostran vídeo e imaxes sobre as que está abaixo. Non hai límite no número de pistas que pode ter un proxecto.

7. Ventá da liña de tempo

A ventá de previsualización é a que **controla a reprodución** (ou previsualización) do proxecto de vídeo. Podemos modificar o tamaño da ventá premendo e arrastrando as liñas que se atopan ao redor desta sección.



1 Ir ao principio: Salta ao comezo do proxecto.

2 Buscar cara atrás: Rebobina o vídeo desde a posición de reprodución actual.

3 Reproducir/Pausa: Reproduce ou Pausa a reprodución do proxecto.

4 Buscar cara adiante: Avanza rapidamente o vídeo desde a posición de reprodución actual.

5 Ir ao final: Salta ao final do proxecto.

8. Deslizador de ampliación

O Deslizador de ampliación **permite variar a escala temporal** da liña de tempo. Se incrementamos o zoom poderemos ver a liña de tempo mais de cerca, ou podemos reducir o zoom para ver o proxecto enteiro sen necesidade de facer scroll.

Vídeo dixital en SwL: Openshot

Podemos premer nos botóns de zoom (dereita ou esquerda), o arrastrar o deslizador de zoom. Cando arrastre o deslizador, a liña de tempo actualizarase ao pausar o deixar de moverse.



